




ALEGACIÓNS Á ESTRATEXIA GALEGA DE CAMBIO CLIMÁTICO E ENERXÍA 2050

As centrais eléctricas de carbón de Meirama e As Pontes representan na actualidade un terzo das emisións territoriais totais de Gases de Efecto de Invernadoiro (GEI) de Galicia. A substitución da electricidade que producen estas dúas térmicas de carbón polo aforro enerxético e as enerxías renovábeis é, con moita diferenza, a acción singular que máis podería contribuir a curto prazo á mitigación do cambio climático en Galicia.



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do Ministerio para a Transición Ecolóxica.

O borrador da Estratexia Galega de Cambio Climático e Enerxía 2050 oculta a destacadísima achega do carbón ás emisións de GEI do noso país e non incorpora ningunha medida específica para desincentivar e eliminar rapidamente o uso do carbón como fonte de electricidade. Esta abordaxe das centrais de

carbón é coherente co firme e entusiasta apoio do actual Goberno galego á prolongación da vida útil das centrais de carbón moito máis alá de 2020. Lamentablemente, este posicionamento político, por si só, impide que a Estratexia poida ser un instrumento ambicioso e eficaz para a mitigación do cambio climático en Galicia.

A continuación, expóñense as críticas e propostas da plataforma “Galiza, un futuro sen carbón” a diferentes apartados do borrador da Estratexia, sempre en relación unicamente co tratamento das centrais de carbón.

5.- Mitigación

5. 1.- Diagnose

5.1.3.1. - Centrais termoeléctricas de uso público

É sorprendente que non se faga nin unha soa mención ás centrais de carbón, cando practicamente toda a achega ás emisións desta categoría de actividade, desde 1990 até hoxe, se debe á actividade das centrais de carbón de Meirama e As Pontes. A participación nas emisións deste sector das outras centrais termoeléctricas de uso público, tanto da central de fuel de Sabón (mentres funcionou até 2010) como das centrais de ciclo combinado a gas natural de Sabón e As Pontes (en funcionamento desde 2008), ten sido moitísimo menor.

En 2016, ano ao que se refire o dato citado neste apartado, as centrais de carbón emitiron 9.130.619 toneladas de CO₂eq, isto é, o 96% das emisións totais das centrais termoeléctricas de uso público durante ese ano. A Estratexia non debería ocultar este feito, nin tampouco as razóns que o explican. En comparación cos ciclos combinados, as centrais de carbón emiten moito máis CO₂ en relación á electricidade xerada. Ademais, o seu número de horas de funcionamento está a ser moi superior.

Como consecuencia do anterior, os recortes nas emisións deste sector con respecto aos anos 1990 e 2005, de pouco máis do 30% en ambos os dous casos, foron debidos, moi principalmente, ao descenso da produción eléctrica das centrais de carbón, que pasaron de achegar unha media de case o 50 % da produción eléctrica anual aínda no período 2001-2005, ao 34 % en 2013-2017.

Esta caída foi impulsada polos cambios apuntados no borrador e mais por outros que non cita, como a entrada en vigor, a partir de 2005, do mercado europeo de emisións, que ten penalizado, aínda que de forma moi insuficiente na maior parte do período 2005-2018, a xeración eléctrica con carbón, ao ser a máis intensiva en emisións de CO₂.

Coincidimos en que “debido á súa magnitude e ao potencial de redución deste, este é un dos sectores que debe exercer un rol destacado na elaboración da estratexia”, aínda que moito máis mediante actuacións no ámbito da produción que no do consumo. A importancia de ambos os dous tipos de actuacións, neste caso, non pode equipararse, como fai a Estratexia. Cun factor de emisión da xeración eléctrica alto (0,47 toneladas de CO₂/GWh en Galicia en 2017), habería que reducir moito o consumo para lograr reducións importantes. Desde a perspectiva da redución das emisións do consumo eléctrico, a eliminación da

producción con carbón suporía un enorme avance na descarbonización para un nivel dado de consumo, ao se reducir drasticamente o factor de emisión.

É sobre todo mediante actuacións no ámbito da produción como se poden reducir as emisións deste sector, pero o borrador límitase a propor que se faga “a través de mellora dos rendementos nos procesos de xeración e implantando tecnoloxías cada vez menos emisoras”. Unha redacción imprecisa para evitar referirse á medida concreta máis decisiva neste ámbito: o peche canto antes das centrais termoeléctricas de carbón.

Este apartado debería informar sobre a solicitude de peche da central de carbón de Meirama para antes do 1 de xullo de 2020, presentada por Naturgy (antes Gas Natural Fenosa), a empresa propietaria da mesma. É pública e notoria a contrariedade da Xunta perante tal decisión, expresada polo propio presidente e o conselleiro de economía, emprego e industria. Pero dado que a solicitude foi anunciada ben antes do inicio da consulta pública do borrador da Estratexia, e dato tamén que o peche da central de Meirama terá unha influencia moi importante nas emisións futuras deste sector, non entendemos que a Estratexia a ignore.

5.1.4.- Conclusións da diagnose de mitigación

A formulación da segunda conclusión responde novamente ao intento de desviar o foco da produción eléctrica con carbón, que o Goberno galego respalda irresponsabelmente. Certamente, “a produción eléctrica por vía convencional con combustibles fósiles é a principal fonte de emisión en Galicia constituíndo máis da terceira parte das emisións en 2016”. Pero sería ben máis preciso afirmar que é a produción eléctrica con carbón a principal fonte de emisión en Galicia, en 2016 e ao longo da serie histórica. Se a mesma produción eléctrica de 2016 se obtivese coas outras centrais termoeléctricas que usan combustibles fósiles (gas natural), o que sería posíbel considerando a súa potencia instalada e o seu grao de infrautilización, a produción eléctrica por vía convencional deixaría de ser a principal fonte de emisión en Galicia.

A terceira conclusión incide na liña de diluír o decisivo papel da xeración eléctrica con carbón na evolución das emisións totais de Galicia. Afírmase, sen máis, que “ata a data o sector enerxético e industrial son os principais motores que propiciaron a redución de emisións na nosa comunidade”. As reducións no sector enerxético e industrial entre 1990 e 2016 ascenden, segundo a Gráfica 11 da Estratexia, a un total de 5.309.905 toneladas de CO₂eq., grazas á contribución das centrais termoeléctricas, dos procesos industriais (sen combustión), da combustión industrial e da minaría do carbón. Dese total, 4.325.962 toneladas, o 81,5%, corresponden ao recorte das emisións das centrais termoeléctricas, debido fundamentalmente á baixada na queima de carbón en 2016 en comparación con 1990. Nese ano as centrais de carbón xeraron 12.208 GWh, 2.739 máis que en 2016. A outra central térmica existente en 1990, a de fuelóleo de Sabón, xa desmantelada, produciu naquel ano tan só 84 GWh.

5.2.- Potencial de redución de emisións de GEI en Galicia

5.2.1- Réxime de Comercio de Dereitos de Emisión

Non só se agocha o peso da actividade das térmicas de carbón nas emisións totais senón tamén no conxunto dos sectores industriais aos que se aplica no noso país o réxime de comercio europeo de dereitos de emisión, malia que neste caso o peso das centrais de carbón aínda é moito maior.

Referíndose ao ano 2017, afírmase que a desagregación sectorial das emisións “mostra o peso da actividade de produción de enerxía eléctrica en centrais térmicas convencionais, representando case o 70% das emisións do sector directiva” do comercio de emisións, pero non se menciona a moi desigual achega das térmicas de carbón e dos ciclos combinados. Durante 2017 as centrais de carbón de Meirama e As Pontes emitiron 10.498.200 toneladas de CO₂eq para xerar 10.817 GWh de electricidade, mentres que as centrais de ciclo combinado de Sabón e As Pontes emitiron un total de 678.667 toneladas de CO₂ eq ao producir 1.763 GWh. Polo tanto, para xerar cada GWh de electricidade, as térmicas de carbón emitiron unha media de 970 toneladas de CO₂eq, mentres que as de gas natural lanzaron á atmosfera 385 toneladas de CO₂eq por cada GWh producido, isto é, un 60% menos.

As centrais de carbón emiten, entre as dúas, máis gases de invernadoiro que a suma das emisións das outras 46 instalacións industriais afectadas polo réxime de aplicación do comercio de dereitos de emisión en Galicia, instalacións entre as que se inclúen dúas centrais termoeléctricas máis, unha refinaría de petróleo, unha fábrica de produción de alúmina e aluminio ou unha celulosa. Non merece isto ser destacado?.

5.3.- Obxectivos e liñas de actuación no ámbito de mitigación

Obxectivo xeral


Afírmase que o Obxectivo 1 é “reducir drasticamente as emisións GEI en Galicia”. Mais por redución drástica enténdese unha baixada do 24,6% en 2030 e do 81,3% en 2050, en comparación con 1990, segundo se indica no apartado 4.3.

En 2050 aspírase a lograr a neutralidade climática, confiando excesivamente para iso na manutención e incremento das absorcións netas polos sumidoiros de carbono. Outórgase un papel moi relevante a estas absorcións sen se ter feito aínda unha estimación rigorosa da capacidade actual, tal e como recoñece o propio borrador, e “pese a que as normativas mundiais e europeas en materia de redución de emisións aínda non incluíron integramente as absorcións derivadas da xestión das masas forestais e usos do solo no proceso de seguimento e xustificación do cumprimento dos compromisos internacionais en materia de cambio climático”. Dase por feito que, posteriormente a 2030, as absorcións derivadas da xestión das masas forestais e usos do solo pasarán a ter un “papel esencial”, deixando de ter “o rol secundario” que para a Xunta teñen hoxe. En calquera caso, a Xunta, adiantándose a ese futuro hipotético, xa lle concede un papel moi protagonista na súa estratexia climática.

Hai un interese manifesto por salientar, entre todas as absorcións, as derivadas da xestión das masas forestais que, incorrectamente, se asimilan aos bosques, cando a maior parte das masas forestais da nosa terra son plantacións forestais e non verdadeiros bosques. Ademais, non se menciona que a taxa anual de fixación de carbono estimada na Estratexia é atribuíbel principalmente ás plantacións forestais (que non bosques) de especies de crecemento rápido, nomeadamente ás de eucalipto.

Ao noso ver, o papel desproporcionado outorgado pola estratexia ás absorcións derivadas da xestión das plantacións forestais, mesmo a pesar da falta de recoñecemento normativo e das incertezas asociadas ao seu cálculo e á súa persistencia, ten un duplo obxectivo: 1) lexitimar unha política forestal produtivista favorecedora do proceso de eucaliptización dos montes galegos rexistrado nas últimas décadas, e 2) excusar a falta de ambición na redución das emisións de GEI, en particular no sector eléctrico. A proposta de Estratexia confirma a xestión das plantacións forestais (léase a eucaliptización) como un eixo central da débil política climática autonómica.

O obxectivo de redución para 2030 é pouco ambicioso e non está en liña co logro do obxectivo de limitar o aumento da temperatura media global a 1,5° C, ou ben abaixo dos 2° C. A plataforma “Galiza, un futuro sen carbón” propón un obxectivo mínimo de redución das emisións totais do 55% para 2030 con respecto a 1990, para así avanzar decididamente na procura da consecución da neutralidade climática en 2040, ano no que o sistema enerxético debería ser 100% renovábel. Coidamos que se trata de obxectivos necesarios e viábeis, acordes coa responsabilidade climática e as capacidades do noso país. Porén, para os lograr é totalmente imprescindíbel (aínda que non suficiente) o abandono rápido da xeración eléctrica con carbón.



Gráfica 3 do borrador da Estratexia Galega de Cambio Climático e Enerxía 2050 coa evolución prevista (líña azul discontinua) do índice de emisións de GEI.

Perante a cada vez maior urxencia da crise climática global, e despois de case tres décadas nas que Galicia non foi capaz de diminuír as súas emisións territoriais de GEI (tal e como amosa a serie histórica 1990-2017 recentemente feita pública polo Ministerio para a Transición Ecolóxica), a proposta de Estratexia insiste na procrastinación da redución drástica real das emisións. Como reflite visualmente a Gráfica 3, a Estratexia pospón a caída máis pronunciada das emisións para despois de 2030, sen que percibamos outra xustificación para iso que a de trasladar a gobernos futuros a responsabilidade política da adopción de medidas concretas realmente drásticas, tal e como se veu facendo até hoxe. A repetición deste patrón en moitos outros países ao longo dos últimos trinta anos é o que nos levou á actual situación de emerxencia climática global.

Obxectivo para as centrais termoeléctricas

No que atinxe a este sector, a estratexia propón unha redución das emisións do 54,3% en 2030, a respecto dos niveis de 1990, que sería de tan só un terzo en comparación con 2016. E atrasa o obxectivo de converter o eléctrico nun sector “practicamente” sen emisións até 2050, ano no que aínda se emitirían 276.500 toneladas de CO₂eq .

Non se explicita ningún obxectivo para 2040, mais a traxectoria de diminución das emisións proposta encaixaría coa prórroga da vida útil da central de carbón das Pontes até 2045, tal e como pretende Endesa. Asemade, os obxectivos para 2030 e 2050 implican un alongamento excesivo da vida das centrais de ciclo

combinado a gas natural, en coherencia coa aposta da Xunta e das grandes eléctricas por maximizar o seu aproveitamento (e o da planta regasificadora de Mugardos), á custa de ralentizar innecesariamente a transición cara a un sistema enerxético 100% renovábel.

Os obxectivos de redución das emisións das centrais eléctricas deberían acompañarse da evolución da potencia instalada de enerxía eléctrica na que se sustentan, como correspondería nunha Estratexia que ademais pretende ser tamén enerxética.

O recorte das emisións das centrais eléctricas proposto para 2030 é moi insuficiente. Cífrase en 3.179.200 toneladas de CO₂ eq con respecto a 2016. Esta baixada equivalería, grosso modo, ao aforro de emisións asociado ao peche da central de carbón de Meirama en 2020 (rexeitado pola Xunta e non mencionado na Estratexia). Esta central emitiu unha media anual de 2.400.000 toneladas no período 2013-2017.

En 2030, as emisións de GEI do sector eléctrico ascenderían aínda a 6.322.100 toneladas. De se cumpriren simultaneamente este obxectivo e as previsións do borrador do Plan Nacional Integrado de Enerxía e Clima 2021-2030 do Goberno central, a terceira parte de todas as emisións de GEI do sector eléctrico español produciríanse desde Galicia en 2030.

Propomos un obxectivo de redución das emisións das centrais termoeléctricas do 100% para 2030, pechando a térmica de carbón das Pontes, a máis tardar, en 2025, e os dous ciclos combinados antes do fin de 2030. As fontes renovábeis xa achegaron unha media anual do 54% da electricidade xerada en Galicia en 2013-2017 -período no que se estancou a potencia renovábel instalada en arredor de 7.100 MW-, con máximos anuais do 60% e un mínimo do 40,7% en 2017, un ano pésimo para a produción hidroeléctrica. A pesar da tendencia ao crecemento da demanda derivada do aumento da electrificación en sectores como o transporte, a descarbonización da produción do sector eléctrico parécenos un obxectivo alcanzábel, nomeadamente se houber un impulso forte do aforro e a mellora da eficiencia, así como da autoprodución, e se se limitar a orientación exportadora do sector eléctrico galego.

Na consecución do obxectivo da descarbonización total do sector eléctrico poderá influír moito a evolución do sector industrial da metalurxia non férrea, a actividade con maior consumo eléctrico, mesmo por riba dos fogares, chegando a supor nada menos que o 25% da demanda total de Galicia (2016), un rasgo moi particular da realidade enerxética galega. En calquera caso, consideramos que a viabilidade e a competitividade deste sector en Galicia, e da industria electrointensiva en xeral, non pode vencellarse en ningún caso á existencia dun subministro eléctrico cun elevado impacto socioambiental negativo a escala galega e global, como aconteceu até hoxe.

O establecemento dun obxectivo de redución das emisións do sector eléctrico do 100% para 2030 melloraría notabelmente a ambición climática da estratexia nese horizonte, mesmo sen aumentar nada os obxectivos de redución noutros sectores como o transporte, actualmente o segundo con maiores emisións, para o que se propón un cativo obxectivo de redución entre 2016 e 2030 (-752.300

toneladas) que levaría a que en 2030 as súas emisións aínda fosen superiores nun 36,6% ás de 1990. O logro dun sector eléctrico 100% renovábel en 2030, sen aumentar ningún dos obxectivos de redución da estratexia para outros sectores de actividade, conduciría, por si só, a unha diminución das emisións totais do 46% con respecto a 1990, ao baixar o obxectivo da 22.095.200 toneladas propostas na Estratexia ás 15.773.100 toneladas. Polo tanto, practicamente duplicaríase o obxectivo xeral de recorte das emisións para 2030. Así, estaría máis perto o obxectivo de redución que propoñemos, dun mínimo do 55%, que requiriría aínda un recorte adicional de dous millóns e medio de toneladas no resto dos sectores.

Ademais, ao estaren pechadas antes do fin de 2025 as centrais de carbón, moito máis intensivas en emisións que os ciclos combinados, limitaríanse considerabelmente as emisións acumuladas deste sector até 2030, que é un aspecto moi importante a ter en conta. Como a central de carbón das Pontes, a única que seguiría operativa a partir de 2020, está formada por catro grupos con practicamente a mesma potencia, sería factíbel o seu peche paulatino ao longo da primeira metade da década de 2020.

Liña de actuación 2: “Camiñar cara a un modelo enerxético baixo en emisións”

A liña de actuación para o Obxectivo 1 que afecta máis directamente ás emisións do sector eléctrico é a número 2: “camiñar cara a un modelo enerxético baixo en emisións”. A súa enunciación deixa claro que a Estratexia renuncia a atinxir un modelo enerxético 100% renovábel mesmo no horizonte 2050.

No Primeiro Plan Operativo para o Desenvolvemento e Implantación da estratexia no período 2019-2023 desenvólvese a liña de actuación 2. Proponse unha execución da mesma en dúas fases, que consideramos inxustificadas: unha primeira lenta até 2030 e unha posterior de “aceleración”. Urxe unha resposta adecuada ao dobre desafío da crise climática e do comezo do fin da era da enerxía fósil abundante e barata, polo que cómpre unha transición enerxética rápida desde agora mesmo. Máis aínda cando se perdeu a maior parte da presente década por causa dun “parón renovábel” motivado por decisións políticas irresponsábeis.

As seis medidas englobadas na liña número 2 tendentes á promoción das enerxías renovábeis, en implantación, apenas se concretan e non inclúen unha cuantificación dos obxectivos de potencia instalada que se lograrían coa súa aplicación, o que impide valorar o seu alcance. En calquera caso, deducimos que é pequeno, á luz dos obxectivos de redución de emisións de GEI para o sector eléctrico, dos orzamentos previstos e do establecemento dunha primeira fase de execución lenta desta liña de actuación até 2030.

Para multiplicar os beneficios sociais e ambientais asociados ás enerxías renovábeis, as políticas orientadas ao seu impulso deberían minimizar os seus potenciais impactos negativos sobre a paisaxe e a biodiversidade, así como priorizar o seu aproveitamento descentralizado por parte de particulares, comunidades de veciños, cooperativas enerxéticas, explotacións agrarias,

pequenas empresas ou edificios públicos. A participación dun importante sector empresarial enerxético público, practicamente inexistente desde a vaga privatizadora da década de 1990, contribuiría tamén a unha transición enerxética máis equitativa e á mobilización dos recursos económicos necesarios para a acelerar.

O aproveitamento máis distribuído das enerxías renovábeis limitaría a necesidade dunha das medidas, xa en implantación, incluídas nesta liña de actuación, o desenvolvemento das redes de transporte e distribución de electricidade, diminuíndo deste xeito os custos socioambientais e económicos que implica.

Dúas das medidas englobadas nesta liña non só non contribúen ao despregue das enerxías renovábeis senón que mesmo a atrasan, ao fomentar excesivamente o uso do gas natural como alternativa ao petróleo, mediante o desenvolvemento das redes de transporte e distribución e o aumento da penetración do seu uso (municipios, polígonos industriais e portos). A substitución de produtos petrolíferos polo gas natural representa unha redución das emisións de GEI moi limitada. Sempre que for posíbel, débense introducir as renovábeis sen pasar polo uso innecesario do gas natural como combustíbel de transición.

Proposta de nova medida da liña de actuación 2: Peche da central de carbón das Pontes, a máis tardar, en 2025.

A Xunta debe utilizar as súas competencias legais e o seu peso político para forzar o peche, antes do fin de 2025, da única central de carbón que quedará en funcionamento despois de 2020 no noso país, a das Pontes, a maior central de carbón española e unha das 20 maiores industrias europeas emisoras de CO₂ en 2018.

O trámite de renovación da Autorización Ambiental Integrada ou a reforma do Imposto sobre a Contaminación Atmosférica (que hoxe apenas penaliza a produción eléctrica con carbón, menos gravada pola Xunta que a eólica) son medidas competencia da Xunta que poden contribuír á desincentivar a actividade da central de carbón das Pontes. Con todo, é preciso que a Xunta asuma o compromiso político de pór fin totalmente á produción eléctrica con carbón a curto prazo, negociando un plan de peche da central de carbón das Pontes co Goberno estatal e con Endesa que contemple unha transición xusta para os traballadores e traballadoras afectadas. O plan podería programar un peche paulatino, mediante o cesamento progresivo da actividade dos catro grupos que forman a central. Esta debería estar totalmente pechada antes do fin de 2025.

O obxectivo do peche da central das Pontes podería recollerse nunha lei autonómica, tal e como vén de facer o Goberno balear na Lei 10/2019, de 22 de febreiro, de cambio climático e transición enerxética, en relación con outra central de carbón de Endesa. No punto 2 da súa disposición adicional cuarta sinala que o Goberno das Illas Baleares “impulsará as medidas de transición adecuadas”

para “o cesamento do funcionamento dos grupos 1 e 2 da central térmica de Alcúdia no ano 2020 e dos grupos 3 e 4 no ano 2025”.

Por suposto, o goberno balear non é o único de ámbito subestatal que asumiu un compromiso político co abandono do carbón. Algúns deles uníronse á alianza internacional “Powering Past Coal”. É o caso, ademais das Baleares, de California, Minnesota, Quebec, Escocia ou Gales.

Abril de 2019.